


## PROGRAMA II

### FAMILIA E CONVIVENZA



#### — Servizo de axuda no fogar.

É un servizo público que consiste en ofrecer un conxunto de atencións a persoas no propio domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu medio habitual. Ofrecemos dende este programa servizos como a Telasistencia e Xantar na Casa.

#### — Servizo de educación e apoio familiar.

Apoio psicosocial e educativo ás familias, en especial a aquelas que presentan factores de risco ou de vulnerabilidade social.

#### — Medidas de apoio para a inclusión social.

Son un conxunto de medidas económicas de emerxencia social municipal destinadas a mellorar a situación das persoas/familias e previr situacións de risco. Tales como axudas de alimentación, para o mantemento da vivenda, para o mantemento da saúde, etc.

## PROGRAMA III

### DINAMIZACIÓN E INSERCIÓN SOCIAL




#### — Proxectos de dinamización comunitaria.

Son actuacións de carácter grupal, encamiñadas a fomentar o desenvolvemento da participación cidadá e a artellar procesos comunitarios de aprendizaxe e participación. Abordamos temas como a Igualdade e Prevención da violencia de xénero, inserción socio-laboral, formación, etc.

## PROGRAMA IV

### PARTICIPACIÓN E COOPERACIÓN SOCIAL



#### — Proxecto: fomento da cooperación e solidariedade.

O Concello de Sada colaborou economicamente coas seguintes entidades de iniciativa social para promover o asociacionismo e a súa participación social: ASPACE, A Peneira, Aspadisol, Cáritas, Cruz Vermella, Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e Solidariedade Galega co Pobo Saharaui.

#### — Programa de actividades sociais dirixido a persoas maiores. Envellecemento activo.

Desenvolvemento de talleres e obradoiros que teñen como obxectivos principais contribuir a un envellecemento activo e saúdable, e fomentar a participación social.

#### — Programa de atención á diversidade funcional: proxecto Universo Diverso.

Ten como obxectivo de mellorar a calidade de vida das persoas con diversidade funcional para acadar o maior nivel de autonomía posible e fomentar a plena participación e normalización social.

## PROGRAMA V

### ESCOLAS INFANTIS



As escolas infantís son centros educativos que atenden a nenas e nenos de 0 a 3 anos, proporcionando unha atención integral e facilitando a conciliación familiar.

- Escola Infantil Flora Ramos
- Escola Infantil Galiña Azul. (Mondego).



## PRESENTACIÓN

Os servizos sociais son o sistema de protección social máis próximo ás persoas que acuden en busca de resposta a problemas sociais: exclusión, falla de autonomía persoal, precariedade económica, desinserción, conciliación, inserción laboral, etc.

Para elo os servizos sociais desenvolven programas básicos, dirixidos a toda a cidadanía.



### PROGRAMA I

*INFORMACIÓN,  
ORIENTACIÓN E  
ASESORAMENTO.*

É a porta de entrada aos servizos sociais, onde se reciben as demandas persoais, familiares e de colectivos e se tenta buscar os recursos máis axeitados.

### ¿ONDE ESTAMOS?



Avda. Laguna, 44  
baixo dereita.  
Sada



981 620 567



Horario:  
Luns a Venres  
de 9:00 a 14:00 h



**SERVIZOS  
SOCIAIS**  
*Comunitarios*

[www.sada.gal](http://www.sada.gal)